



Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que a Administración resolva de forma expresa e nos prazos establecidos cantas solicitudes, reclamacións e recursos sexan presentados polos cidadáns.

Expediente: D.3.Q/1696/22

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dona xxxxx, referente á falta de resolución a un recurso presentado diante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre cambio de parada escolar.

Nese escrito, esencialmente, manifestaba o seu desacordo pola suspensión da parada de autobús das Cabanas para o alumnado trasladado ao IES XXX. Indicaba que na actual parada *“non hai refuxio para días adversos e mesmo o autobús ten que realizar perigosas manobras de marcha atrás para poder recoller ao alumno, xa que este ano tamén cambiaron o itinerario que levaban anos facendo. Todo isto ademais dos escritos, púxeno varias veces por teléfono en coñecemento da delegación de transportes de Lugo xa que non me deron resposta, e a día de hoxe aínda non teño resposta do recurso presentado en novembro.*

En consecuencia, requirimos desa Consellería que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, os motivos polos que non se deu resposta ao recurso de alzada presentado pola interesada, dando resposta a todas as cuestións promovidas nel.

O informe foi rexistrado nesta institución na data do 22 de xullo. O informe sinala, entre outros aspectos, que o artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dispón que *“No despacho dos expedientes gardarase a orde rigorosa de incoación en asuntos de homoxénea natureza, salvo que polo titular da unidade administrativa se dea orde motivada en contrario, da que quede constancia. (...)*”

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade pon de manifesto que nese departamento ten entrada anualmente un numeroso volume de recursos en materia de mobilidade o que motivou a demora na resolución do recurso de alzada interposto por xxxxx, para cuxa resolución se tivo en conta o disposto no precepto antes citado, que esixe gardar a orde de incoación en asuntos de homoxénea natureza.

Remata o informe indicando que: *“Non obstante, estanse a adoptar medidas para tratar de reducir o tempo de tramitación e resolución dos expedientes para garantir o dereito das persoas interesadas de que se dite resolución expresa en prazo”*.

ANÁLISE

A queixa de referencia versa sobre a falta de resolución expresa en prazo ao recurso de alzada interposto pola interesada na data do 5 de novembro de 2021.

O informe confirma que o 05/11/2021 xxxxx interpuxo recurso de alzada contra a resolución do 07/10/2021 da xefa do Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade pola que se acorda denegar a creación dunha nova parada de autobús nunha das rutas de transporte integrado da XG633 xa que, coa normativa anterior a solicitude, non cumpría os requisitos necesarios para o seu establecemento e coa entrada en vigor da Instrución conxunta 1/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, do 25 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso 2021-2022, o uso do transporte público para os alumnos de bacharelato ten igual tratamento que para o resto dos usuarios en xeral, aínda que pola súa idade poden beneficiarse dos descontos da Tarxeta Xente Nova.

O 09/05/2022 o Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Lugo emitiu informe sobre o recurso de alzada.

O 15/07/2022 o director xeral de Mobilidade, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, ditou a resolución do referido recurso de alzada, que se notificou a xxxxx na mesma data.

Xa que logo, a Administración resolveu oito meses despois da interposición do recurso. Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da queixa e o exposto no informe do citado órgano, dedúcese que, efectivamente, produciuse un significativo retraso na

resolución do recurso, que a consellería xustifica no elevado volume de traballo da unidade que debe resolver recursos en materia de mobilidade.

Xunto ao criterio legal invocado pola consellería sobre a orde rigorosa de incoación en asuntos de homoxénea natureza para o seu despacho, a mesma Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas prevé no artigo 122 que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada é de tres meses desde a súa interposición. O artigo 21 da Lei determina que a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación.

A Valedora do Pobo atópase especialmente vinculada polo disposto no artigo 20, último parágrafo, da Lei 6/1984, de 5 de xuño, cando afirma que “en calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foran formulados”.

No presente caso, a consellería demorouse oito meses en ditar resolución expresa sobre o recurso de alzada interposto pola reclamante.

Tanto o artigo 103 da Constitución española como o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á lei e ao dereito. Malia que o informe manifesta que estanse a adoptar medidas para tratar de reducir o tempo de tramitación e resolución dos expedientes para garantir o dereito das persoas interesadas de que se dite resolución expresa en prazo, non especifica ditas medidas nin previsións concretas sobre o cumprimento da citada obrigación legal.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

A obrigación que impón o artigo 21 e 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de resolver de forma expresa e nos prazos establecidos cantas solicitudes, reclamacións e recursos sexan presentados polos cidadáns.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo